

REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE POLÍTICA SOCIAL

Santiago de Compostela 19/03/25

Consideración inicial:

UGT non considera aceptable o retraso da convocatoria de esta Comisión para tratar o estudo dos asuntos que lle son propios.

Si ben é certo que o Acordo trouxo consigo unha mellora de número de prazas, tamén o é que esta organización o considera insuficiente en determinados centros, entre outras cousas porque non se está procedendo á cobertura de situacións como as adaptacións de posto, que inflúen no resto de persoal xa mermado.

A Dirección Xeral de Emprego Público responde afirmando que as condicións de traballo do persoal dos centros de Política Social melloraron tras a aplicación do Acordo asinado coas 4 organizacións sindicais. A negociación do Acordo levou consigo a realización dun estudo sobre as carteleiras cuxo resultado foi o aumento de máis de 200 postos de traballo, entre as novas creacións e as conversións das medias xornadas en xornada completa.

Días de compensación e horas de redución establecidas no Acordo e colocación das C nas carteleiras:

UGT considera que non se debe de modificar o Acordo no redactado sobre as compensacións, onde di textualmente *“por cada grupo de 4 festivos e/ou domingos traballados terase dereito a **dous días adicionais de descanso**”*.

Unha vez colocadas as C, estas non deben solapar co descanso obrigatorio entre xornadas(12h.), evitando secuencias como TCM e NCM, xa que ao ser **días de descanso adicional** deben de ser tratadas como un festivo (24hs).

A Administración en resposta considera que é posible recorrer a este tipo de secuencias pero que se tratarán de evitar na medida do posible.

Ao respecto do persoal que realiza substitucións de curta duración, entendemos que tanto as C como RN deben ser proporcionais ao tempo traballado, procedendo á súa compensación ao remate da prestación de servizo.

Compensación dos días 24 e 31:

UGT non pode permitir que unha vez máis que a Administración queira modificar o Acordo sobre esta cuestión tendo dobre compensación, a xerada por ser festivo, máis un día de descanso por xornada efectivamente traballada, como así o recolle o Acordo.

Sobre esta cuestión a Administración responde que: *“a estes días xa se lles da unha compensación económica ademais de contar como festivo para a súa compensación”*.

Vacacións:

UGT require da Administración criterios claros, concisos e únicos na súa aplicación, dada a existencia de problemas que xerou esta descoordinación o verán pasado coa colocación dos Aps., e sen que ninguén reunise a esta Comisión.

Este asunto quedou sen resposta.



Intersubstitucións:

Sempre e en todo caso **UGT** entende que para a cobertura a través desta figura debe atenderse en todo momento á **voluntariedade** na súa prestación, e unha vez que se teña acudido á posibilidade da cobertura mediante o persoal das **listas do Decreto 37/2006**.

Consideramos que tal e como se establece na definición o apartado c) da cláusula 9ª, do Acordo, na medida do posible, non se realizarán máis de 12 quendas de intersubstitucións anuais, estas deben estar distribuídas nun período distinto ao anual, é dicir, que teñan un tope ao mes ou trimestralmente ata alcanzar as 12 anuais, debendo ser estudadas si permanece no tempo.

Ao respecto das contías económicas **considerámolas insuficientes**, remitíndonos ás nosas alegacións a esta cuestión.

Convocatorias da comisión de seguimento e subcomisións:

Esiximos que se produzan as convocatorias de xeito continuo no tempo, a fin de poder aclarar as distintas situacións anómalas na xestión e implementación do contido do Acordo.

